



Desde o Departamento de Inglés do IES Fernando Esquíó queremos comunicarlles a Resolución do 29 de setembro do 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, para que os **alumnos que no curso 23/24 cursen 4º ESO, 2º BAC e 1º BAC, podan realizar probas de nivel lingüístico para a certificación no B1, B2 ou C1.**

Na RESOLUCIÓN **publicada o mércores 4 de outubro**, invita a participar na convocatoria aos alumnos seguindo as recomendacións da Comisión Europea e o Consello de Europa que considera a **competencia en linguas un recurso económico e social indispensable dentro, e máis aló, dunha Europa cultural e lingüísticamente diversa.**

Este documento está publicado na **web do centro** á súa disposición para unha lectura pormenorizada e que a continuación se resume:

1. As probas de nivel lingüístico deberán ser realizadas polas empresas ou institucións que figuran no anexo da Orde do 21 de xuño de 2016 **durante o curso 2023/24.**
2. A organización e xestión das probas será competencia exclusiva do centro educativo, que deberá seleccionar o alumnado candidato ás probas, o nivel da proba ao que se presenta e as institucións ou empresas certificadoras. Non será competencia das familias nin do alumnado a selección das ditas empresas certificadoras. As familias terán que facerse cargo do traslado do alumnado ao centro examinador no caso de que non se realice no IES.
3. O alumno ou alumna, previa orientación do profesorado de lingua estranxeira, poderá decidir a proba á que se presenta e coñecerá con antelación as características da mesma. A matrícula é a nunha única proba dunha lingua estranxeira que será, preferentemente, a que curse como primeira lingua estranxeira.
4. O alumnado candidato deberá presentar por escrito un compromiso individual de aceptación para presentarse ás probas, asinado polo alumno/a ou familia que lle axuntamos.

O prazo de presentación remata o **6 de novembro**, pero por ser datas coincidentes con outros traballos no centro, insistimos en que aquelas familias interesadas deberán entregar o documento-compromiso asinado antes do **20 de outubro.**

Na convocatoria anterior a Consellería financiou as probas de certificación soamente de 2º BAC atendendo á orde de preferencia que se establece na convocatoria, polo que a empresa certificadora ofertou a proba ao alumnado ao mesmo prezo que financiou a Consellería, 100€, polo que no documento que se acompaña poden marcar esa posibilidade en caso de non ser seleccionado o seu nivel.

Para calquera dúbida poden poñerse en contacto coa Xefe de Departamento de L Inglesa os xoves de 16:20 ás 18:00 ou os venres de 12:30 ás 13:20.